



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN (A NÚM. 1)

Proxecto	<i>Reurbanización de tramo de la avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270), (proxecto modificado)</i>
Plan	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020 (Plan Único de Concellos), POS+2020 AD2 (POS+2020 AD2)
Código obra	2020.2102.0375.0
Orzamento	351236,36 € (21 % IVE incluído)
Licitación (PLACSP)	2023/C003/000007. Data publicación: 25/01/2024. Data remate: 20/02/2024
Ampliación de prazo	01/03/2024
Expte. electrónico	2023/C003/000007
Procedemento	aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática
Tramitación	ordinaria

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello

Sesión núm.: 1

Tipo de sesión: ordinaria

Data: 7 de marzo de 2024 (xoves)

Hora de comezo: 10:31 h

Hora de remate: 12:24 h

ASISTENTES

- Pablo Negreira Souto, concelleiro de Obras e Servizos, Urbanismo Mobilidade, presidente (ensubstitución do alcalde, Alberto Romar Landeira),
- Cristina Alonso Losada, secretaria xeral, vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, (en comisión de servizos), (PR da DXAL do 18/01/2024), vogal segundo
- Evaristo Lois Rama, funcionario axunto a secretaría, como secretario da mesa, con voz e sen voto

ORDE DO DÍA

Acto non público

1. Constitución da mesa de contratación
2. Apertura sobre A: *Declaración responsable e compromisos e declaración*
3. Apertura, se procede, sobre B: *Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática (se procede)*
4. Rolda de intervencións

Foi comprobado polo secretario da mesa o quórum de asistencia que se precisa.



Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.

DEBATE E ACORDOS

1. Constitución da mesa de contratación

A mesa de contratación, por unanimidade dos membros asistentes, acordou constituír a mesa de contratación específica para esta obra.

2. *Apertura sobre A: Declaración responsable e compromisos e declaracións*

O secretario informa de que o anuncio de licitación foi publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público, (en diante PLACSP), o 25/01/2024. O prazo de presentación de ofertas, (26 días naturais), remataba o 20/02/2024.

Foi detectado un erro material no que se refire á documentación a incluír no sobre A: *declaración responsable e compromisos e declaracións*, (oferta económica e o plan de Igualdade, (que non afecta ao proxecto nin ao PCAP), polo que logo da súa rectificación ampliouse o prazo de presentación de ofertas ata o 01/03/2024.

No momento de detectarse o erro, as empresas *Nemesio Ordóñez, SA e Vilariño Esp., SLU* xa tiñan presentado as súas ofertas (o 19/02/2024).

O responsable do departamento de Contratación comunicou ás dúas empresas mencionadas, vía telefónica, o erro detectado.

A empresa *Nemesio Ordóñez, SA* manifestou que se deran conta do erro, si ben presentaron a súa oferta correctamente polo que non lle afectaba esta variación.

A empresa *Vilariño Esp. SLU* manifestou que se deran conta do erro, si ben introduciron os documentos tal como se esixía na PLACSP, comprometéndose a achegar unha nova oferta no tempo e no prazo da ampliación.

A relación de licitadores que formulan oferta no tempo e no prazo, conforme o informe emitido pola Plataforma de Contratos do Sector Público, (en diante PLACSP), foi achegado aos membros da mesa de contratación xunto coa convocatoria.



Licitadores	CIF	Data presentación PLCASP
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	B15081847	01-03-2024 14:42
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L	B15293145	28-02-2024 09:29
COSMALCA, S.L.	B15121783	26-02-2024 17:52
EXCAVACIONES AGRA CASTRO S.L	B15490527	01-03-2024 18:28
MANTIDO SL	B15819642	01-03-2024 09:26
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	A15146608	19-02-2024 13:47
VILARIÑO ESP, S.L.U.	B94006947	01-03-2024 09:43
VILARIÑO ESP, S.L.U.	B94006947	19-02-2024 13:04

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDA:

Non abrir o sobre A: documentación, da empresa *Vilariño Esp. SLU*, coa data e a hora de presentación da oferta do 19/02/2024, ás 13:04 horas, polos motivos mencionados.

A seguir, procedeuse á apertura dos respectivos sobres electrónicos A: subtítulo *Documentación* das empresas presentadas. Compróbase que todos os licitadores presentan:

- *declaración responsables axustada ao DEUC (documento europeo único de contratación)*
- *compromiso de adscribir á execución os medios persoais e materias suficientes para iso*
- *compromiso de levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27*
- *declaración relativa a criterios de desempate (anexo 7).*

Empresa licitadora	Número global de traballadores	Número particular de traballadores con discapacidade	% que representa e /% superior mínimo legal establecido	% porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade	% porcentaxe de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da contratación
	Anexo VII (3.1)	Anexo VII (3.1)	Anexo VII (3.1)	Anexo VII (3.2)	Anexo VII (3.3)
CONSTRUCCIONES CERNADAS, SL.	28	0	0,00	0,00	0,00
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	70	1	1,43	1,43	0,00
COSMALCA, SL	13	0	0,00	0,00	0,00
EXCAVACIONES AGRA CASTRO SL	14	0	0,00	0,00	0,00
MANTIDO, SL	21	0	0,00	0,00	0,00
NEMESIO ORDOÑEZ, SA	87	1	1,15 / 0,00	1,15	0,00
VILARIÑO ESP, SLU	110	2	1,82 / 0,00	1,82	0,00

Na/s declaración/s e compromiso/s o/s licitador/es declara/n que reúnen todos os requisitos de capacidade, representación e solvencia esixibles conforme o Prego, comprometéndose a achegar os documentos que o xustifican para o caso de ser proposto/s como adxudicatario do contrato.



Foi acreditado que a documentación que presenta/n o/s licitador/es referente á documentación a incluír no sobre A: *documentación. Declaración responsable e compromisos e declaracións*, está correcta e conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, (PCAP), que rexe esta contratación.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Declarar admitidas estas proposicións:

Licitadores
CONSTRUCCIONES CERNADAS, SL.
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL
COSMALCA, SL
EXCAVACIONES AGRA CASTRO SL
MANTIDO, SL
NEMESIO ORDOÑEZ, SA
VILARIÑO ESP, SLU

2 Publicar este acordo na PLACSP.

3 Comunicar aos licitadores.

3. **Apertura, se procede, sobre B: Referencias técnicas. Criterios non avaliábles de forma automática**

O presidente ordena abrir o sobre B, que contén as referencias técnicas e as propostas suxeitas a avaliación previa. Son os criterios non avaliábles de forma automática.

No sobre B, o/s licitador/es presenta/n estes documentos:

Licitador	Programa de traballo 12.B.1)	Actuación ambiental 12.B.2)	Plan de control de calidade 12.B.3)	Esquema do plan de seguridade 12.B.4)
CONSTRUCCIONES CERNADAS, SL.	Si	Si	Si	Si
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	Si	Si	Si	Si
COSMALCA, SL	Si	Si	Si	Si
EXCAVACIONES AGRA CASTRO SL	Si	Si	Si	Si
MANTIDO, SL	Si	Si	Si	Si
NEMESIO ORDOÑEZ, SA	Si	Si	Si	Si
VILARIÑO ESP, SLU	Si	Si	Si	Si



Logo de revisar a documentación, a mesa considera que é correcta.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

Achegar aos servizos técnicos do órgano de contratación os documentos que incluíron os licitadores admitidos nos arquivos ou sobres electrónicos sobre B: apartado subtitulado *referencias técnicas, criterios non avaliados de forma automática mediante fórmulas*, para valorar e emitir un informe técnico debidamente motivado verbo dos factores de adxudicación non avaliados de forma automática, de acordo co establecido no prego que rexe a licitación.

No expediente quedan todas as propostas presentadas

4. Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario

O presidente da mesa

Evaristo Lois Rama

Pablo Negreira Souto

(Documento que se asina electronicamente)